

# E TI QUEN ES

*Adriana Piñeiro Varela*

Era un domingo pola mañá, de calquera mes. Coma todos os domingos, levantámonos para ir ver aos avós, pero esa mañá non era como as demais mañás de domingo. Sempre chegabamos á casa dos avós e estaban tan ledos de vemos, que todo na casa era ledicia e felicidade, pero esa mañá a avoa non estaba coma sempre. Recibiuno sentada no seu vello sofá marrón, cuberta coa súa manta laranxa e envolta na súa túnica azul para combinar as zapatillas de casa. A miña avoa sempre fora moi coqueta, pero a cara non era a mesma. Estaba sorrindo, pero os seus ollos non estaban nesa habitación. Era coma se se fose, coma se de novo fose unha rapaza que percorría os campos de Canabal (a súa pequena vila lucense) ou cando nos contou como se levantaba ás cinco da mañá para ir á estación de tren a trocar as agullas das vías . Era unha historia que sempre me parecía fascinante. A miña avoa sempre dicía:

-Cariño, a túa avoa é moi vella pero ten moitas historias que contar. Fun a primeira gardaagullas muller de RENFE en España e que combinaba cos meus seis fillos e os labores do campo, pero tiven moita forza e conseguín todo con traballo e traballo.

Esa era a frase favorita da avoa, o traballo e máis traballo.

Aquela mañá sentei ao seu carón e tentei que os seus ollos voltaran a mirarme coma antes. Pregunteille:

-Avoa, como estás? Véxote moi bonita esta mañá.

Ela respondeu:

-E quen es ???

Non foi posible. A miña avoa nunca me faría esa pregunta. Tanto eu como a miña irmá eramos a súa vida, a súa alegría e a súa forza para vivir, pero ela non me coñecía.

Naquel momento miña nai explicoume que a avoa tiña unha enfermidade que eu apenas sabía pronunciar, que non ía quedar ben pero que só tiña unha menciña, esa menciña témola na nosa man.

É o amor.

Ao principio non entendía pero sabía que faría todo o posible para que a miña avoa fose a mesma ca antes, para poder xogar de novo como antes e sobre todo para contarme todas esas historias. Era como un libro andante: pasou dúas guerras mundiais, unha guerra civil, unha durísima posguerra ... Non podía renderse ante esa enfermidade, era forte e la salvou con moito amor.

Os días seguintes tentei ir vela non só os domingos, senón todos os días, Leváballe xoguetes de madeira e quebracabezas para montar. Gustáballe moito facelo e divertíame moito xogando con ela, aínda que teño que dicir que tivo unha axuda moi importante e que é a nosa cadelinha Nube, porque eu quería moito a miña avoa, pero Nube tería dado a vida por ela. Cando a avoa estaba triste ou ausente, Nube poñía a cariña nos xeonllos e estaba alí durante horas, mentres a miña avoa acariñaba a cabeza, ás veces creo que de xeito automático.

Un día decidimos ir ao parque. O aire era axeitado para ela e as relacións coa xente tamén. Pasámolo xenial, camiñamos da man e case chegando a casa, agarroume moito máis forte e dixo:

-Adriana, paseino moi ben hoxe.

Os meus ollos enchéronse de bágoas pero foi de ledicia. A miña avoa estaba curada e fora grazas ao amor. Cheguei a correr para a casa e conteillo e a miña nai que tamén comezou a chorar e dixeron:

-Mamá, non chores. Xa ves que teño o poder de curar á avoa. Xa cho dixeron.

A miña nai asentiu, bicoume na testa e comezou a chorar aínda máis duro. Naquel momento non entendía por que a miña nai estaba tan triste, pero eu estaba moi feliz porque a avoa finalmente estaba curada, xa me coñecía e voltaba a xogar comigo de novo.

Unha noite, mentres estaba durmindo, oín moito ruído na casa, espertei e miña nai díxome:

-Adriana, segue durmindo, imos ao hospital coa avoa porque caeu, non te preocupes, que pronto voltamos.

Seguín durmindo, pero ao día seguinte fun ao hospital para ver á avoa e o que vin era devastador. Tiña o rostro destrozado do golpe e os ollos continuaban anos atrás, en Canabal, e de novo me preguntou:

-E ti quen es?

Estaba moi enfadada. Non podía ser. A miña nai mentírame e o amor non vale para nada. A miña avoa voltaba a non saber quen era e non entendía nada. Os meus pais só me dixeron cando crezas entenderalo. Non quero ser maior, non quero crecer, non quero esquecer á xente que quero. Non quero que me pasase o mesmo ca avoa e sobre todo non quero perdela. Sen ela a vida non é a mesma. Sen o seu sorriso non podo continuar.

Teño só 12 anos, Non podo entendelo todo, pero non quero que esa maldita enfermidade que non sei pronunciar, cun nome arrepiante, me quite a miña avoa. Seguirei pelexando por ela, non a vou deixar ir.

Pasaban os días e a miña avoa estaba cada día mais perdida, pero seguía levándolle os crebacabezas e os xoguetes de madeira e ás veces xogabamos as agochadas, aínda que só me agochaba eu , pero pasámolo moi ben e ela sorría moito. Estaba feliz..

Un día miña nai díxome:

-Adriana, teño que falar contigo. A avoa empeorou, ten moita dor e o médico aconséllanos que o mellor é darlle algo para durmir e non sufrir. De todos modos déixanos un pouco de tempo para despedimos dela. Queres facelo?.

Teño só 12 anos pero sabía que a miña nai falaba de separarse e entrei na habitación. -Avoa, sei que te vas ir, e sei que non me podes levar contigo pero quero que saibas que sempre estarás no meu corazón, que es o centro da miña vida e que ti coidarás de min onde queira que vaias, Serás unha estrela no ceo e direiche boas noitese todos os días.

Ela mirou para min e dixo:

-ADEUS ADRIANA, A MIÑA PEQUENA.

Marchou.

NUBE